

## Xuízo ao Meco 2013, ACUSACIÓNs:

Meco, mequiño, ímoste queimar por non facer que chovan chuletas para que todo o mundo teña que comer.

Meco, mecano, meco, mecón  
os alumnos de 1ºB  
queremóste queimar  
para rematar coa corrupción.

Culpámoste Meco porque queres mandar.  
sempre nos ordenas estudar,  
nunca na clase podemos falar  
e só no recreo podemos xogar.

Culpémoste meco porque eres un mandón,  
Eres feo e puxéchenos moitas condicións.  
E para rematar mándasnos moitos deberes  
Porque non queres que gocemos nas vacacións.

Meco, mequiño  
ímoste queimar  
porque sempre  
me queres pegar.

Meco, mequiño:  
Por poñer a Rajoy de presidente  
e ter que aguantar as reformas  
de Ánguela Merkel, hoxe sufrirás  
o castigo de ser tan malvado:  
morrer queimado!



## Xuízo ao Meco 2013, ACUSACIÓNs:

Os alumnos de 4ª  
Acusámoste de  
todos os conflitos  
e de ter que estudar.

Culpémoste Meco  
polo proxecto Abalar  
xa que aos de cuarto  
só nos deixan mirar.

Meco, mequiño  
ímoste queimar  
polas cousas ridículas  
que nos fixeches levar.

Oes Meco,  
ti non eres máis que un simple boneco.

Das ordes sen parar,  
os demais non te debemos importar.

Dis que levemos na cabeza,  
Algunha que outra beleza.

Tamén un peluche e un chupete para adormecer,  
que máis temos que facer!

O do pixama foi pasarse,  
o colexio xa non quere calarse!

Pronto entre lume morrerás,  
cinza e fume  
é o que ti serás.

